

(Inserir símbolo da entidade)

Resolución do 30 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convocan as subvencións correspondentes a programas de actuación en favor das entidades galegas no exterior para o exercicio 2025

Programa 3.- Accións de especial relevancia

MEMORIA

A entidade ("*nome da entidade*") nesta anualidade, ademais das actividades que desenvolve con carácter ordinario, ten previsto desenvolver o seguinte proxecto extraordinario:

PROXECTO: 50º Aniversario da entidade

Datas previstas de realización: primeiro semestre do ano 2025.

Lugar de realización: (*Sede do Centro galego, Teatro Rosalía de Castro.*

Esta entidade constituiu-se como asociación galega cumprindo, este ano 2025, **50 anos** da súa existencia. Para conmemorar este aniversario tense previsto desenvolver as seguintes actividades:

-**Mostra fotográfica.**- terá lugar durante os meses de marzo e abril do ano 2025, no salón de actos do centro. A Mostra consta de 50 fotografías e 8 paneis a través dos que se visualiza a vida asociativa e cultural desenvolvida pola entidade nos 50 anos da súa historia.

- **Festival de Gala.**- O 10 de xullo de 2025, no teatro Rosalía de Castro as agrupacións artísticas de música e baile do centro "Mimosas" e "Lume na palleira" actuarán en conxunto nun espectáculo aberto a toda a colectividade. Esta gran demostración de baile e música tradicional galega contribuirá a poñer en valor a nosa cultura e o traballo da entidade a prol do seu mantemento e difusión. O programa do acto completárase coa participación das formacións doutros centros galegos da contorna que está previsto invitar.

- **Acto solemne do 50º Aniversario.**- O 20 de xullo de 2025 a xunta directiva da entidade fará entrega dunha placa conmemorativa aos socios fundadores Lucía Mosqueira, Benito Zas e Luís Seoane nun acto solemne que se realizará no propio centro e no que está previsto que actúe un músico ou música galega de primeiro nivel. O acto estará aberto a todas as persoas socias da entidade.

Estímase que participarán na totalidade de actividades en torno a 200 persoas

Concepto do gasto para o que se pide a subvención:	Custo previsto (en euros)
<i>50º Aniversario da entidade</i>	
Folletos, carteis,	350
<i>Mostra fotográfica (paneis, seguro)</i>	600
<i>Festival de Gala (aluguer teatro, equipo audio, grupos)</i>	3.500
Placas conmemorativas, actuación musical	2.000
Custo Total Previsto	6.450

Lugar, data

Sinatura do/a presidente/a

Nome do/a presidente/a

Selo da entidade